



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Asunto: OEP Extraordinaria estabilización: Técnico Minas San Finx. Declaración de deserto do concurso-oposición.

Expediente: 2022/E001/000048

M^a Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame e órgano competente para a adopción do presente acordo, en virtude das competencias conferidas pola lexislación vixente no ámbito local, emite a presente resolución baseada nos antecedentes e fundamentos que a continuación se indican.

Praza obxecto de estabilización:

Denominación	Natureza	Número	Grupo/ Subgrupo	Xornada	Código RPT	Quenda/Provisión
Técnico/a Minas San Finx	Laboral Fixa Descontinua	1	II: A2	Completa	5112	Libre / Concurso-oposición (artigo 2 Lei 20/2021)

Antecedentes Administrativos:

- Mediante Resolución da Alcaldía 267/2022 do 23/05/2022 aprobouse a Oferta de Emprego Pública Extraordinaria para a redución da temporalidade do emprego público. Foi publicada no Boletín Oficial da Provincia 99 do 26/05/2022.
- Tras a oportuna negociación na Mesa Xeral de Negociación que tivo lugar o día 02/12/2022, mediante Resolución da Alcaldía 726/2022 do 09/12/2022 aprobouse a convocatoria daquela praza incluída na Oferta de Emprego Pública Extraordinaria na aplicación do artigo 2 da Lei 20/2021. Do mesmo xeito aprobáronse as Bases Xerais e Específicas que rexerán a convocatoria e o proceso selectivo correspondente.
- O anuncio da convocatoria e as bases xerais e específicas para executar a OEP Extraordinaria para a redución do emprego temporal (artigo 2 da Lei 20/2021) foi publicada:
 - Na sede electrónica municipal o día 09/12/2022
 - No Boletín Oficial da Provincia 236 do día 15/12/2022
- O anuncio da convocatoria para executar a OEP Extraordinaria para a redución do emprego temporal (artigo 2 da Lei 20/2021) foi publicada:
 - No Diario Oficial de Galicia 241 do 21/12/2022
 - No Boletín Oficial do Estado 311 do 28/12/2022
- Mediante Resolución da Alcaldía 268 do 02/05/2024, acordouse en resumo o seguinte:

Primeiro: Aprobar a lista provisional de persoas admitidas e excluídas:

2022/E001/000048	Técnico/a Minas San Finx (5112)						
Apelidos e Nome	Anexo I	DNI	CELGA	Titulación	Méritos	Taxa	Admisión Provisional
Roo Vázquez, Beatriz	Si	***3624**	Si	Si	Si	Si	Si

Segundo: Como non existen aspirantes excluídos, elevar a definitiva a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas e dar inicio ao proceso selectivo.

Terceiro: Nomear ao seguinte Tribunal Cualificador:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Membro	Identidade
Presidencia	Paula Ares Otero. Funcionario Habilitación Nacional A1. Concello de Lousame
Vogal	Mª Dolores Suárez Becerra. Laboral Fixo A2. Concello de Lousame.
Vogal	Santiago Severino Nieto Romarís. Funcionario A2. Concello de Outes
Vogal	Alberto García Sánchez. Laboral Fixo, A1. Concello de Boiro
Secretaría	José Martínez Redondo. Funcionario A1. Concello de Lousame.

Cuarto: O Tribunal deberá constituírse, para o desenvolvemento do proceso selectivo, con carácter previo á celebración do exame da fase de oposición que queda fixado para a seguinte data:

Lugar: Salón de Plenos do Concello de Lousame (Casa do Concello)

Data: Venres, día 31 de maio de 2024

Hora: 10:00 horas

Quinto: Esta resolución será obxecto de publicación no Taboleiro da sede electrónica do Concello de Lousame (<https://sede.lousame.es/opencms/es/informacion/>) e notificada aos membros do Tribunal.

- Acta primeira do Tribunal cualificador, do 27/05/2024, na que se levou a cabo a constitución formal do mesmo, a manifestación da non concorrencia de posibles causas de abstención ou recusación nos membros do Tribunal, o reparto do temario para formular as preguntas da fase da oposición e a asignación ao Secretario do Tribunal da baremación da fase de concurso.
- Mediante Resolución da Alcaldía 339 do 29/05/2024, ante a situación de convalecencia por enfermidade da persoa que ostenta o cargo de secretaría, acordouse en resumo o seguinte, así como fixar a data do exame da fase de oposición o día 10/06/2024:

Nomear como suplente da Secretaría do Tribunal a Arturo Barreiro Tubío, Laboral Fixo A2 do Concello de Lousame, quedando a composición do Tribunal do seguinte xeito:

Membro	Identidade
Presidencia	Paula Ares Otero. Funcionario Habilitación Nacional A1. Concello de Lousame
Vogal	Mª Dolores Suárez Becerra. Laboral Fixo A2. Concello de Lousame.
Vogal	Santiago Severino Nieto Romarís. Funcionario A2. Concello de Outes
Vogal	Alberto García Sánchez. Laboral Fixo, A1. Concello de Boiro
Secretaría	Titular: José Martínez Redondo. Funcionario A1. Concello de Lousame. Suplente: Arturo Barreiro Tubío. Persoal Laboral Fixo A2. Concello de Lousame

- Acta segunda do Tribunal Cualificador, do día 10/06/2024, na que o Tribunal cualificador, en resumo, acordou o seguinte:

Primeiro: O resultado da fase de oposición é o seguinte:

Aspirante	Resultado
Roo Vázquez, Beatriz	NON SUPERADA, por non obter 30 puntos

Segundo: Propoñer á Alcaldía que declare deserto o proceso selectivo, por non existir ningún aspirante que superase a fase de oposición.

Terceiro: Publicar a presente Acta no Taboleiro da sede electrónica.

- A Acta segunda foi publicada na sede electrónica o día 11/06/2024. Segundo a Base núm. 10 os aspirantes dispoñían dun prazo de 10 días hábiles para formular alegacións á valoración efectuada polo Tribunal
- Dilixencia da empregada pública encargada do Rexistro Xeral, do día 01/07/2024, indicando que durante o período de información pública (do 12/06/2024 ao 25/06/2024) non se presentou ningún tipo de alegación.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Fundamentos Xurídicos:

1. Segundo a Base Xeral número 3:

Os anuncios sucesivos durante o desenvolvemento do proceso selectivo (listaxe de admitidos/as, nomeamento e convocatoria do tribunal, etcétera) serán obxecto de publicación no Taboleiro da sede electrónica do Concello de Lousame (<https://sede.lousame.es/opencms/es/informacion/>).

2. Segundo a Base Xeral número 10:

Finalizado o concurso-oposición e aplicados (de ser necesarios) os criterios de desempate o Tribunal efectuará á Alcaldía a proposta definitiva da persoa aspirante para a obtención da praza obxecto de estabilización. Esta proposta definitiva será obxecto de publicación na sede electrónica do Concello de Lousame.

3. Segundo a Base Xeral núm. 12:

A proposta do Tribunal ten carácter vinculante para a Alcaldía.

Á vista do antecedentes e fundamentos expostos, **RESOLVO:**

Primeiro: Declarar deserto o proceso selectivo, por non existir ningún aspirante que superase a fase de oposición.

Segundo: Esta resolución será obxecto de publicación no Taboleiro da sede electrónica do Concello de Lousame (<https://sede.lousame.es/opencms/es/informacion/>) para xeral coñecemento de calquera interesado.

Asinado en Lousame, por medios electrónicos, pola Alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).

